




Area / Unidade GESTION DE DEPORTES DJ1000 EBS.	Documento 21114I03M7	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/10507/2020 27/08/2020
Código de verificación  1F0S 2457 474W 3W65 149J	Expediente 211/2020/343	
	Data 27-08-2020	

Logo de ver o informe proposta que antecede e en virtude das competencias que me atribúe a lexislación vixente, resolvín

RESOLUCIÓN

O día 22.07.2020, o concelleiro de Deportes e primeiro tenente da alcaldesa, por delegación da alcaldesa, resolveu aprobar as Bases reguladoras da convocatoria de usos das instalacións deportivas municipais para a tempada 2020/2021, así como nomear ás persoas que compoñerán a Mesa de Avaliación das solicitudes presentadas na dita convocatoria.

Logo de aprobar as ditas bases, abriuse o prazo de presentación de solicitudes a través da páxina web de Deportes (www.coruna.gal/deportes).

Recibidas todas as solicitudes, o Servizo Municipal de Deportes ordenou a publicación das listaxes na páxina web de deportes para coñecemento xeral e de acordo co establecido na propia convocatoria, e abriu un prazo de 5 días naturais para que calquera interesado no procedemento que presentara unha solicitude puidera observar os datos consignados na dita solicitude e alegar se algún deses datos eran incorrectos.

Do mesmo xeito, as persoas ou entidades que presentaran unha solicitude e que non se viran nas listaxes poderían alegar para que se lles incluíse.

O día 22 de agosto de 2020, ás 23:59 horas, rematou o prazo para formular as alegación ao trámite de información pública.

Recibíronse alegacións das seguintes entidades deportivas:

Athletic Coruña Hockey Club
Fundación Real Club Deportivo
Club Deportivo los Rosales
Club The Cutarc Team
Asociación Deportiva Punteirolo
Asociación de Fútbol Afeccionado da Coruña
ADC Alquimia Inline
Club de Montaña Coruña
Club Pelota Os Leños
Club Compañía de María
Club Galicia Rollers



Logo de ver as alegacións formuladas, detéctase que moitas delas son simples aclaracións ás peticións iniciais. Dende o Servizo Municipal de Deportes incluíronse todas as alegacións no expediente para ser tidas en conta pola Mesa de Avaliación á hora de establecer o reparto de acordo coa convocatoria.

A Base 9.3 da convocatoria establece:

“ Unha vez pechado o prazo de información pública e recibidas todas as solicitudes, realizarase unha valoración das mesmas, a comparativa entre os diferentes tipos e formularase unha proposta de resolución provisional coa asignación de horas de uso. Para iso reunirse a Mesa de Avaliación e levantarase Acta.

A Mesa de Avaliación deberá atender aos criterios establecidos nos puntos 7 e 8 para realizar a súa proposta de asignación de horas de uso”

As persoas que forman parte da Mesa de Avaliación foron nomeadas polo concelleiro de Deportes, Turismo e Festas no Decreto do día 22.07.2020. A composición é a seguinte:

- **Presidenta:** Susana Martínez Portabales, xefa de servizo do Servizo Municipal de Deportes. Na súa ausencia, actuará como suplente Eva Blanco Sánchez, xefa de departamento.
- **Vogais:** José Manuel Rivas Casal, Luis Arias Barbeito e Antonio Pedraz Pollo, técnicos deportivos do Servizo Municipal de Deportes – directores das instalacións deportivas. No caso de ausencia de algún dos técnicos deportivos actuará como suplente Pablo Castedo, xefe de sección de Deportes.
- **Secretaria:** Paula Solórzano Prieto, auxiliar do Servizo Municipal de Deportes

O concelleiro delegado de Deportes, Turismo e Festas e primeiro tenente da alcaldesa é competente para adoptar todas as resolucións que sexan necesarias dentro deste procedemento, por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo 28.06.2019, BOP núm. 124 do 03.07.2019).

De acordo co anterior, RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar as alegacións formuladas polas entidades interesadas neste procedemento dentro do trámite de información pública que rematou o día 22 de agosto de 2020 ás 23:59 horas.

Segundo.- Aprobar as listaxes definitivas das solicitudes de uso das instalacións deportivas municipais para a tempada 2020/2021, - listaxe de actividades físicas e listaxe de actividades deportivas - , e que conteñen as solicitudes iniciais formuladas por todas as persoas e entidades interesadas en participar nesta convocatoria así como as alegacións formuladas dentro do prazo de información pública.

As ditas listaxes preséntanse como Anexos a este Decreto e forman parte del.

As listaxes serán publicadas na páxina web de Deportes (www.coruna.gal/deportes) para coñecemento xeral. A publicación farase identificando cada persoa ou entidade co número de NIF ou CIF.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Terceiro.- Convocar ás persoas que forman parte da Mesa de Avaliación das solicitudes para que se constitúa a dita Mesa **o día 4 de setembro de 2020 ás 10:00 horas** na sala de reunións do 1ª piso do Palacio dos Deportes de Riazor. As sucesivas reunións que sexan precisas ata rematar a avaliación de todas as solicitudes quedarán acordadas nesa primeira reunión e constarán na Acta que se levante ese día.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O concelleiro delegado de Deportes, Turismo e Festas, p.d. XGL

(Acordo XGL do día 28.06.2019, BOP núm. 124 do 03.07.2019)